

Programación do departamento de orientación

Curso 2022/23

0.-INTRODUCCIÓN

A normativa actual, LOMLOE , Ley orgánica 3/2020 de 29 de decembro, establece a atención psicopedagóxica e a orientación académica e profesional como un dos principios do Sistema Educativo. Así mesmo a orientación e tutoría formarán parte da función docente, entendéndose polo tanto a orientación como un Principio, un Dereito e un factor da calidade do ensino.

Así mesmo aboga por unha educación inclusiva que garanta os dereitos de todo o alumnado a recibir a resposta educativa axeitada ás súas necesidades, tal como queda regulado no Decreto 229/2011, 7 de decembro polo que se regulan as medidas de atención a diversidade, e a orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2021.

Pola súa banda o Decreto 324/96 de 26 de Xullo , de regulamento Orgánico dos I.E.S. crea os Departamentos de Orientación nos Centros de Educación Secundaria, regulándose posteriormente polo Decreto 120/98 polo que se establece a Orientación Académica e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e pola Orde de 24 de Xullo de 1998 que o desenvolve e que, ademais das funcións dos Departamentos de Orientación, contempla a necesidade de recolle-las distintas accións nun Plan de Orientación axustado á realidade do Centro no que se pretende desenvolver.

Concíbese deste xeito a Orientación educativa como un proceso continuo que se ofertará en tódolos niveis educativos, que implica a tódalas persoas e institucións que participan

no proceso educativo, que atende ás peculiaridades do alumnado capacitándoo para a súa autoorientación e que permite que sexa a escola a que se adapte ós educandos e non á inversa. Tendo estes aspectos en conta, así como os principios nos que se basea a orientación educativa, é dicir a **prevención, o desenvolvemento e a intervención social**, os obxectivos do Plan de Orientación a desenvolver neste Centro non serán outros que os propios da actividade orientadora recollidos nas funcións do Departamento de Orientación contempladas no Artigo 5º da Orde de 24 de Xullo de 1998 e que xiran entornó ós seguintes eixes :

- No presente curso escolar será prioritaria a atención psicolóxica que podan darse entre o alunado, profesorado e as familias.

Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación e deseñar e desenvolver programas de intervención.

Elabora-las propostas do Plan de Orientación Académica e Profesional e Plan de Acción Titorial.

Ofrecerlle soporte técnico ó profesorado.

Deseñar accións encamiñadas á atención temperá do alumnado do centro e centros adscritos.

Colaborar na elaboración do P.E.C e P.C.C. incidindo nos aspectos psicopedagóxicos e na atención á diversidade do alumnado.

Participar na avaliación psicopedagóxica e na organización dos apoios ó alumnado con necesidades educativas especiais.

Facilitarlle ó alumnado asesoramento e apoio cando sexa necesario.

Informa-lo alumnado dos recursos laborais e profesionais de cara a favorece-la súa toma de decisións e a autoorientación

Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico no deseño , desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.

Promove-la cooperación cas familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

Establecer canles de comunicación con outros servicios e institucións da zona.

Coordina-la orientación profesional e laboral con outras administracións ou institucións.

Tendo en conta todos estes aspectos o presente Plan pretende dar resposta ás necesidades detectadas no ámbito da orientación e para iso pártese na súa elaboración dos seguintes principios :

- Estará baseado na análise das necesidades, da realidade do centro, das preocupacións de profesorado e Equipo Directivo, do alumnado e de toda a comunidade educativa.
- Concíbese como un plan de acción que en todo momento estará relacionado co seu desenvolvemento no centro e que polo tanto estará suxeito ás modificacións necesarias.
- Preténdese que sexa un proxecto de cambio e de mellora.

1.-CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN.

O Centro no que se pretende desenvolver o Plan denomínase **I.E.S. As Bizocas** e está situado na zona denominada As Bizocas, preto de San Vicente do Mar e a 7 Km de O Grove, núcleo urbano do que procede a maior parte do alumnado escolarizado no Centro.

Esta zona, entendida a mesma como o Concello de O Grove, caracterízase fundamentalmente por basea a súa economía arredor de dúas actividades claramente diferenciadas , por unha banda é un sector eminentemente mariñeiro no período do inverno, época na que os homes saen ó mar e as mulleres se dedican principalmente ó marisqueo; por outra banda , nos períodos de verán a fundamentación da economía varía e pasa a se-lo turismo o seu motor fundamental. Ámbalas dúas actividades manteñen un nivel socioeconómico, en xeral medio, o mesmo que se podería dicir no relativo ó nivel cultural en xeral, aínda que temos que ter en conta a situación de crise actual por mor da cal moitas familias están a pasar por unha situación moi difícil.

1.2. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

O Departamento De Orientación foi constituído o venres 9 de Setembro do 2021 as 10:15 horas , formando parte do mesmo:

- A mestre de Pedagogía Terapéutica: Sara Abal Viqueira
- Profesora de Psicoloxía e Pedagogía, Xefa do Departamento de Orientación: M^a Matilde Molina Ferragut.

1.4. CENTROS QUE ABRANGUE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

O centro ten adscritos dous CEIPS que teñen o seu propio departamento de orientación, o CEIP "Valle Inclán" e o CEIP "As Bizocas".

1.4. ANÁLISE DAS NECESIDADES EDUCATIVAS NO ÁMBITO DA ORIENTACIÓN:

O Alumnado: No que se refire ás características xerais do alumnado, como xa se sinalou, este pertence á Etapa de Ensino Secundario Obrigatorio e polo tanto abrangue unha idade comprendida entre os 12 e 16 anos (nalgúns casos están presentes alumnos e alumnas de ata 17 anos). Como características xerais sinála-la súa pertenza a unha zoa marítima comprendida entre San Vicente e O Grove polo que a súa realidade máis próxima é o contacto co mar tanto a nivel productivo como doutras actividades como o tempo de lecer.

O alumnado escolarizado no centro procede na súa maioría do núcleo urbano, é dicir de O Grove, polo que ten que desprazarse diariamente ata o centro utilizando o transporte escolar ó longo dun percorrido duns 7 Km.

No relativo ás características xerais pódese sinála-la diversidade coa que nos topamos tanto a nivel socioeconómico como a nivel das súas características, intereses e necesidades polo que se fai necesario artellar un plan que de resposta a esta diversidade facendo fincapé nas necesidades que se detectaron como prioritarias. Contase ademais con varios alumnos e alumnas con necesidades educativas asociadas a dificultades de aprendizaxe, TDH e problemas de integración social polo que dentro do P.C.C. do Centro así como, de xeito especial neste plano, deberá incluírse e facer mención especial da resposta educativa que se arbitrará para as súas necesidades educativas especiais

As necesidades prioritarias: Unha vez realizada a análise das características do centro e do alumnado faise necesario determina-las necesidades prioritarias no ámbito da orientación, detectadas tanto a través da observación como a través das entrevistas co profesorado, titores e titoras ,Equipo Directivo, pais e nais, orientadores e orientadoras da zona , así como dos cuestionarios realizados ó alumnado e a experiencia de ter traballado no Centro durante os 19 anteriores cursos académicos.

Dos datos obtidos a través das diversas técnicas pódense establecer como necesidades prioritarias ás que é preciso dar resposta no actual curso académico 2022-2023, as seguintes:

* Adaptar o plano de atención a diversidade, según a nova normativa, Orde do 8 de setembro do 2021.

- Revisión e modificación se é o caso do Plan de Acción Tutorial de xeito que poida dar resposta a tódalas necesidades detectadas no Centro, e fundamentalmente ó desenvolvemento de habilidades sociais, prevención do maltrato entre iguais, riscos do uso de internet, Técnicas de estudo e orientación académica e profesional.

- Organización do apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais de cara a artella-la resposta educativa mais axeitada a ditas necesidades, tanto no Centro como no Centro adscrito a través da avaliación psicopedagóxica, seguimento do alumnado e o asesoramento e colaboración na organización e desenvolvemento dos reforzos educativos, na revisión da necesidade existentes e colaboración e asesoramento nas que se considere necesario realizar, así como naquelas outras medidas de atención á diversidade que sexa preciso artellar.

- Necesidade de asesoramento e mesmo formación do profesorado en todo o relativo á atención á diversidade do alumnado, así como naqueles aspectos relacionados coa convivencia e clima social do centro.

- Asesoramento técnico ó profesorado en canto ó tratamento e desenvolvemento psicolóxico dos/as adolescentes, da avaliación na ESO, da utilización de novas metodoloxías, da Dinámica de Grupos, traballo cooperativo, e de todos aqueles aspectos que vaian xurdindo ó longo do curso académico.
- Necesidade de dota-lo alumnado de estratexias de aprendizaxe que faciliten a súa actividade de estudio, así como carencia en moitos casos de hábitos de estudio que favorezan o seu desenvolvemento académico.
- Asesoramento e colaboración para tentar mellorar o clima e convivencia social no centro.
- Descoñecemento por parte dos rapaces e rapazas das saídas académicas e profesionais ó remata-la ESO e Etapas posteriores polo que se fai necesario orienta-los neste senso colectiva e individualmente.
- Establecemento dunha maior coordinación entre o Centro e as familias así como da implicación destas no proceso educativo dos seus fillos.
- Necesidade de establecer unha estreita coordinación e colaboración con outras institucións da zona (SPAD, Concello, Servicios Sociais, empresas do contorno, Centros de ensino da zona, Servicio Galego de Colocación, Asociación Avante...) de cara a favorece-la inserción e transición á vida activa do alumnado do Centro.

Unha vez establecidas as necesidades máis salientables para as que se terán que artellar accións dende o Dpto. de Orientación, pódense determinar a priori cales van se-las **actuacións prioritarias** que tentaremos poñer en marcha durante o curso 2017-2018.

2.-PLANIFICACIÓN XERAL:

2.1. OBXECTIVOS.

2.1.OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais do Plan serán os mencionados na introducción do mesmo e que se corresponden cas funcións do Departamento de Orientación establecidas polo *D.120/98 e pola Orde de 24 de Xullo do 98 polos que se organiza e regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*, e igualmente, e dentro destas competencias considerarase un **obxectivo prioritario** o desenvolve-las accións que dende a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional se establecen como liñas prioritarias de acción para este curso e que se concretan en :

- ✓ Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise, nos prazos de tempo que permitan ofrecerlle a resposta educativa máis axeitada.
- ✓ Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos actuacións do centro se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas.
- ✓ Favorece-la capacitación do profesorado no uso de técnicas , materiais e programas que sirvan para previr actitudes discriminatorias e que permitan resolver satisfactoriamente as posibles dificultades de integración que se poidan producir.
- ✓ Participar na recollida e actualización de datos sobre o alumnado con necesidades educativas especiais e sobre as medidas específicas de atención á diversidade que se están levando a cabo no centro.
- ✓ Promove-la sensibilización dos distintos axentes educativos sobre a importancia da convivencia como elemento fundamental para o desenvolvemento persoal e social.

- ✓ Participar na revisión dos documentos de planificación e xestión do centro e propoñer, se é o caso, as pertinentes modificacións que posibiliten a promoción da tolerancia e a prevención de condutas violentas.
- ✓ Colaborar cos Departamentos Didácticos e cos equipos docentes para que nas programacións didácticas e nas programacións de aula se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie a aprendizaxe das áreas ou materias que por teren carácter instrumental van facilita-la adquisición doutros contidos curriculares.
- ✓ Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.
- ✓ Colaborar no deseño e posta en práctica de actuacións coordinadas cos servizos de orientación do ámbito laboral que permitan ós usuarios dispor de asesoramento e orientación ó longo da súa vida.
- ✓ Participar na posta en marcha dunha rede telemática integrada que ofrezca ós orientadores educativos e laborais información e datos sobre formación e emprego no ámbito autonómico, estatal e europeo.
- ✓ Promover por concellos ou zonas educativas a realización de actividades de orientación e información nas que participen outros orientadores /as ou profesionais externos ós centros educativos.
- ✓ Participar no desenvolvemento de programas integrados ou por ámbitos de intervención que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos ou os propios departamentos de orientación de cada centro ou de varios centros a través de proxectos de actuación conxunta.
- ✓ Promover nos centros educativos actuacións dirixidas á mellora continua da calidade.

Estes obxectivos concretaránse de xeito específico nos tres ámbitos fundamentais da orientación.

2.1.II OBXECTIVOS ESPECÍFICOS :

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O presente Plan de Acción Titorial basease na normativa vixente, nas características e necesidades do noso alumnado, e na avaliación do mesmo que se fixo o final do curso pasado, recollendo a volaración que fixeron os titores/as e o alumnado.

En canto as características e necesidades do alumnado cabe subliñar:

- o alto índice de fracaso escolar, a falta de hábito de estudo e como consecuencia o abandono de moitos rapaces e rapazas da escolarización sen ter o título Que lles facilite a súa inserción no mundo laboral ou a posibilidade de continuar os seus estudos.

- en moitos casos a falta de implicación dos pais no proceso de aprendizaxe do seu fillo.

- Tamén e necesario mostrar ao alumnado saídas cara o futuro diferentes as familiares e fora do Grove. Polo que a orientación académica e profesional debe comezar a traballarse desde o principio da ESO.

- E por último é necesario traballar as relacións sociais, facendo especial fincapé nas relacións cos adultos e cos iguais, o respecto, e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como a prevención de conductas agresivas xa sexan físicas ou verbais.

Neste senso decidimos que o PAT xirará en torno os seguintes eixes:

- O hábito de estudo e técnicas de traballo intelectual, centrándonos na lectura e as novas tecnoloxías e na adquisición das competencias básicas.
- A autoavaliación e a reflexión sobre a relación esforzo/resultados.
- As relacións interpersoais, centrándonos no coñecemento das propias actitudes, a aceptación e respecto das diferencias individuais e a relación de igualdade entre os sexos.
- A orientación académica (pendentes, repeticións, nova lei de educación (LOMLOE), optatividade e saídas académicas con e sen título) e orientación profesional.

Outro punto a destacar e a necesidade de seguir fomentando a relación familia-centro coa finalidade de conseguir implicar ao maior número de pais posible.

E por último seguir coa coordinación das actividades de tutoría, aproveitando os recreos que sexan necesarios xa que neste momento non se inclúen as reunións no horario dos titores, coa finalidade de conseguir a implicación dos titores/as e o resto de equipo docente de modo que consigamos que a tutoría sexa o **eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe no noso centro**, tal e como queda recollido no artigo 20 do decreto 133/2007.

2º- OBXECTIVOS XERAIS

2.1 Co alumnado:

- a) Favorece-lo seu desenvolvemento psicosocial a través de accións encamiñadas ó coñecemento de se mesmos , ó desenvolvemento da súa autoestima, e acada-la súa propia autoorientación.
- b) Optimiza-lo proceso de ensino-aprendizaxe detectando as dificultades que se poidan topar e ofrecendo a resposta educativa máis axeitada ás mesmas.
- c) Informar ao alumnado sobre as posibilidades académicas e saídas profesionais tendo en conta as capacidades, motivacións e intereses dos alumnos e as posibilidades do entorno.

2.2 Co profesorado:

- a) Coordina-lo traballo das tutorías e asesora-los no desempeño da acción tutorial.
- b) Asesora-los no relativo ás técnicas de traballo intelectual, dinamización grupal, hábitos de estudo, programas de ensinar a pensar, etc.
- c) Facilitarlle-la organización e agrupamento dos alumnos e das alumnas con especial tratamento á diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.
- d) Orienta-los e asesora-los tecnicamente en relación ás actividades e procesos de avaliación formativa, así como participar na avaliación do alumnado informando e recibindo información sobre o seu proceso de aprendizaxe.

2.3 Coas familias:

- a) Cooperar nas relación titores-familias na resolución dos problemas que afecten ós seus fillos.
- b) Orienta-los de forma individual e colectiva para que asuman responsablemente e educación e orientación dos seus fillos.
- c) Demandarlle-la súa colaboración para as distintas actividades e programas que se realicen no centro, así como potencia-la relación e colaboración entre pais e nais e profesores /as.

2.4 Co Centro:

- a) Coordinar, xunto co Equipo Directivo e Equipo Docente as accións encamiñadas ó desenvolvemento da acción tutorial.
- b) Ofrece-la información necesaria á Comisión de Coordinación Pedagóxica de cara ó establecemento das directrices para a actualización do P.A.T. e do P.C.C. e o observatorio para a convivencia.
- c) Colaborar co Equipo Directivo e co resto do equipo docente na procura dun clima de colaboración, respecto e boa convivencia.

2.5 Con outras institucións:

- a) Coordina-las distintas accións que relacionen a acción tutorial con outras institucións do entorno. Especialmente cos servicios sociais municipais e autonómicos.(servicio de atención á muller, orientación laboral..)
- b) Favorece-la colaboración do Centro coas empresas do entorno de cara a facilita-la inserción e mobilidade do alumnado.
- c) Coordina-las accións necesarias xunto cos servicios sociais para intervir nos casos de absentismo escolar e nos casos nos que se detecte que o alumno/a pode estar en situación de risco social.

3 ACTIVIDADES DOS ALUMNOS E ALUMNAS NO PRESENTE CURSO ESCOLAR

As actividades serán as seguintes, tendo en conta que se adaptarán as necesidades de cada nivel e cada aula.

- Plano de acollida
- normas de convivencia, facendo especial fincapé nas medidas de seguridade necesarias pola situación covid.
- actividades de cohesión.
- técnicas de estudo.
- Análisis do resultados obtidos en cada avaliación.
- reflexión sobre os mesmos que podemos cambiar.
- toma de decisións.
- orientación académica e profesional, itinerarios académicos e relación coas distintas saídas profesionais.
- resolución de dilemas morais

Neste senso e tendo en conta os resultados obtidos o curso anterior, cremos que é necesario empregar técnicas como o debate que axudan o alumnado a desenrolar actitudes como a tolerancia e o respecto polos outros e aprenden técnicas de traballo intelectual como a búsqueda e interpretación da información en distintas fontes así como o desenrolo de unha actitude crítica, persoal e responsable a partir do coñecemento das propias actitudes e opinións alleas.

Tamén consideramos necesario o traballo coa lectura comprensiva sobretudo no primeiro ciclo, así como saber ler en voz alta, traballando aspectos como a entoación e a expresión, por iso e considerando necesario traballar con actividades motivadoras incluimos as actividades de “iniciación ó teatro”.

En canto os recursos cos que contamos destacar a aula de informática, a biblioteca e institucións do entorno.

Os alumnos/as deben ter un caderno para a titoría no que recollerán as actividades que vaian facendo ó longo do curso, deste xeito pode facerse un seguimento da actividade titorial.

5º ACTIVIDADES COS PAIS.

As actividades cos pais están destinadas a facilitar a relación familia-centro e a implicación dos pais no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Desde o curso 2004-2005 lévanse a cabo reunións trimestrais cos pais, ditas reunións son valoradas positivamente tanto polo equipo docente como polas familias aínda que sería necesario garantir que a información chega a tódolos pais pois sabemos que algúns alumnos non entregan a información na casa e conseguir que veñan os pais de aqueles alumnos que son máis conflictivos.

Os titores teñen unha hora semanal de atención ós pais que sempre procuramos que tódolos pais veñan polo menos unha vez o longo do curso. A orientadora tamén ten unha hora de atención a pais para o ben atender a aqueles que o soliciten ou chamar a aqueles que considere necesario.

6º ACTIVIDADES CO PROFESORADO.

Basicamente as reunións de coordinación dos titores/as coa orientadora, coa finalidade de facer un seguimento do Plan de Acción Titorial, adoptalas medidas educativas que mellor se axusten ás necesidades do alumnado e adapta-las actividades do PAT a realidade de cada grupo de alumnos,

Partindo da miña experiencia quero facer constar a importancia de ditas reunións nas que están xuntos os titores do mesmo nivel e permite adoptalas medidas máis axeitadas, compartir experiencias e chegar a acordos que facilitan a coherencia horizontal do currículo e de medidas encamiñadas a facilita la convivencia no centro.

7º- AVALIACIÓN.

A avaliación será continua e formativa.

Permitirá axustar o PAT ós posibles cambios, novas necesidades...coa finalidade de que sexa o máis realista e eficaz posible.

O final de curso farase unha avaliación recollendo as opinións dos titores, equipo docente, pais e alumnado. Dita avaliación será o punto de partida para concretar o PAT do vindeiro curso.

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

Co **alumnado** :

- a) Favorece-lo seu autocoñecemento, o coñecemento das súas características e intereses de cara a acadar a súa propia autoorientación.
 - b) Facilitarlle o coñecemento das diferentes opcións tanto académicas como profesionais, dotándoos da información necesaria e favorecendo a toma de decisións axeitada.
- a. Orienta-lo alumnado tanto colectiva como individualmente favorecendo a súa madurez vocacional e os procesos de toma de decisións.

Co **profesorado** :

- a. Asesoralos técnicamente no relativo ó desenvolvemento de programas de orientación académico-profesional.
- b. Demandarlle-la súa colaboración nas actividades organizadas dende o Departamento de Orientación.
- c. Coordina-las distintas accións que se leven a cabo neste campo.

Cas **familias** :

- a. Implica-las no proceso de orientación dos seus fillos e fillas.
- b. Contribuír á súa formación de cara ó desenvolvemento de accións orientadoras comúns no centro e no fogar.

Co **Centro** :

- ☞ Ofrece-la información necesaria á Comisión de Coordinación Pedagóxica de cara ó establecemento das directrices para a modificación, se é o caso, do Plan de Orientación Académica e Profesional.
- ☞ Colaborar co Equipo Directivo e co Departamento de actividades Extraescolares e complementarias na organización de actividades que favorezan a orientación dos rapaces e rapazas.

Con **outras institucións** :

Colaborar cos Centros adscritos tanto á rede da orientación como de recepción do alumnado na orientación académico- profesional do seu alumnado.

Promover accións coordinadas que favorezan a información do alumnado sobre as diferentes empresas do contorno e das súas posibilidades de acceso ás mesmas.

Continuar coas actividades de orientación laboral para 3º e 4º da ESO que levaba a cabo o orientador laboral do Concello.

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE :

Contextualización:

No curso 2022-2023 están escolarizados no noso centro un total de 176 alumno/as distribuídos do seguinte modo:

En primeiro da ESO 46 alumnos/as

En segundo da ESO 49 alumno/as.

En terceiro da ESO 45 alumno/as

En cuarto da ESO 36 alumnos/as, distribuídos en aplicadas e académicas

En primeiro da ESO, os grupos desdobláronse, en parte polas normas covid para garantir a distancia de seguridade e polas necesidades educativas do alumnado.

Alumnos con necesidades específicas de apoio educativo:

En primeiro da ESO hai 4 alumnos diagnosticado con TDH. E un alumno con problemas moi graves a nivel madurativo, ten ACIS en practicamente todas as areas do currículo.un alumno con problemas graves de visión, un alumno con dislexía , sospeitamos que pode ser un alumno de altas capacidades e un alumno Sen diagnosticar que podria ser un TEA.

Hai 13 alunos/as exentos de francés e con problemas de aprendizaxe

En 2º de ESO hai 1 alumno con TDH e unha alumna cun transtorno específico do aprendizaxe lectura, escritura e matemáticas.

OBXECTIVOS:

Cos alumnado :

Detecta-las dificultades de aprendizaxe e / ou problemas de desenvolvemento que poidan estar afectando ó rendemento académico dos rapaces e rapazas.

Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas do alumnado.

Coordina-la organización da resposta educativa ó alumnado con necesidades educativas especiais.

Intervir cando sexa necesario na organización e posta en marcha de medidas de atención á diversidade que favorezan o axeitado desenvolvemento do alumnado.

Co profesorado :

- a. Colaborar na detección de problemas ou dificultades de aprendizaxe.
- b. Asesora-los na resposta educativa ante os alumnos e alumnas que presenten necesidades educativas especiais.
- c. Asesoralos en materia de avaliación e promoción do alumnado.
- d. Orienta-los técnicamente no relativo ó desenvolvemento do reforzo educativo, Adaptación Curricular, Diversificación Curricular, e outras medidas de atención á diversidade.
- e. Demandarlle-la súa colaboración na avaliación psicopedagóxica do alumnado.

Co Centro :

- a. Asesora-los membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica no relativo á resposta ante as necesidades educativas especiais que se presenten.
- b. Cooperar co Equipo Directivo e Consello Escolar na resolución dos conflitos que poidan xurdir.
- c. Colaborar na revisión do Proxecto Educativo do Centro.
- d. Asesorar técnicamente ó Equipo Directivo sobre todo en cuestións relativas á adaptación curricular e programas educativos específicos como a integración, formación do profesorado, incorporación dos temas transversais, etc.
- e. Colaborar na organización e planificación de toda clase de actividades educativas tanto escolares como extraescolares.

Coas familias :

Potencia-la súa implicación no proceso educativo dos seus fillos.

Demandárlle-la información necesaria sobre todo aquilo que poida ser relevante no proceso educativo dos seus fillos.

Informa-los das medidas de atención á diversidade que se desenvolvan no Centro e cos seus fillos de cara ó seu desenvolvemento integral.

Orienta-los individual e colectivamente de xeito que asuman responsablemente a educación dos seus fillos.

Implica-los na resposta educativa ante as necesidades educativas especiais que poidan presenta-los seus fillos e fillas.

Medidas de atención a diversidade:

1-Reforzo educativo.

Trátanse de medidas de atención á diversidade e dos procedementos a seguir no caso de aqueles alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe:

- Alumnos/as exentos da segunda lingua estranxeira
 - Neste caso están contemplados os alumnos/as que xa repetiron na etapa de educación primaria e sen conseguir os obxectivos de etapa; e aqueles outros alumnos/as que repiten 1º ou 2º da E.S.O e presentan un claro desfase curricular.
- Alumnos/as con reforzo educativo nas áreas instrumentais:
 - Alumnos/as que veñen recibindo reforzo dende a etapa de educación primaria e que seguen presentando claras dificultades de aprendizaxe seguirán cos reforzos. Todo isto está baseado nos informes dos departamentos de orientación dos centros adscritos de primaria.
 - Alumnos/as con reforzos puntuais:
 - Pasos a seguir:
 - Detección de dificultades por parte do profesor de área
 - Información ao titor/a do alumno
 - Información do titor/a ao departamento de orientación
 - Estudio por parte do departamento de orientación das medidas a adoptar
 - Información ao equipo directivo

Tanto as medidas decididas a partir do procedemento anterior como as anteriores as levará a cabo a especialista de pedagogía terapéutica **en estreita colaboración co tutor/a, co profesor/a da área implicada, coa orientadora e a xefa de estudos.**

2.Desdobres.

Os desdobres se levarán a cabo no 1º curso da ESO en todas as áreas.

2.1-Plan de atención ao alumnado repetidor.

Obxectivos.

- Valoración das necesidades educativas das rapazas e rapaces repetidores por parte do departamento de orientación.
- Concreción das medidas pertinentes de reforzo educativo, distribución equilibrada de repetidora/es nos distintos grupos de cada nivel, desdobres....
- Tutorización por parte dunha profesora/or ou dun alumno/a (é necesario ter en conta os recursos dispoñibles e as vantaxes e inconvenientes de cada opción).
- Relación periódica coa familia intentando que se impliquen no proceso de aprendizaxe do seu fillo/a.
- Programa de habilidades sociais, a desenvolver polo departamento de orientación contando coa colaboración de tutores/as e resto do equipo docente, neste programa trataranse os seguintes puntos:
 - 1º- Coñecemento de si mesma/o, das súas capacidades e dificultades.
 - 2º- Autoestima.
 - 3º- Empatía (capacidade de poñerse no lugar dous outros e non valorar as cousas só dende a súa perspectiva).
 - 4º- Elaboración dun proxecto de futuro tendo en conta as súas capacidades e dificultades e as posibilidades que lle ofrece o entorno.

Contidos dos plans específicos de reforzo:

- **Identificación do alumno/a**

- **Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.**
- **Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.**
- **Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento**
- **Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.**
- **De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias. Acreditación da información ás familias.**

3-Plan de habilidades sociais para o alumnado que sexa remitido á aula de atención educativa e convivencia.

Obxectivos

- Analizala súa conducta e recoñecer os seus erros.
- Ser capaz de escoitar os demais e ter en conta as opinións dos outros, sendo capaz de aceptala aínda que non estea de acordo coa mesma.
- Desenrolar a capacidade de negociar dándose conta dos beneficios de poñerse de acordo e as vantaxes cara a prevención de novos conflitos.
- Desenrolar a habilidade de desculparse.
- Coñecer as súas capacidades e posibilidades cara ó futuro.
- Desenrolar a habilidade de enfrontarse as presións do grupo, defendendo as súas opinións e decisións.

Para traballar o plan será necesaria a colaboración de todo o profesorado especialmente dos titores, así mesmo se traballara coas familias e cos servizos sociais cando sexa necesario.

4.-Programa de habilidades sociais para ó alumnado que sexa sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro.

Os alumnos sancionados terán tarefas para casa remitidas polos profesores das distintas materias, ditas tarefas serán corrixidas polo profesorado.

Así mesmo serán informados os servizos sociais contando coa colaboración do educador familiar o cal terá entrevistas cos alumnos suspendidos do dereito de asistencia ó centro.

A orientadora do centro terá entrevistas cos pais coa finalidade de atopar liñas de actuación comúns e establecer límites e pautas de comportamento.

- beneficios de poñerse de acordo e as vantaxes cara a prevención de novos conflitos.
- Desenvolver a habilidade de desculparse.
- Coñecer as súas capacidades e posibilidades cara ó futuro.

5.-Obxectivos con outras institucións.

Trátase de desenvolver accións encamiñadas a facilitar a integración dos rapaces e rapazas ao entorno social e previr situacións de risco.

- a. Desenvolver accións propostas polo Concello de cara á prevención e Educación para a saúde do alumnado do Centro.
- b. Seguir coas reunións mensuais cos servizos sociais da zona.
- c. Colaboración coa asociación Avante para traballar na educación para a saúde e prevención en diferentes ámbitos relacionados coa mesma (habilidades sociais, sexualidade, drogodependencias...

2.2.-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN :

2.2.1. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL :

- Posta en marcha do Plan de acción titorial no que traballaran os seguintes temas: Actitudes de respecto, normas e valores (1º

trimestre), Técnicas de estudo (2º trimestre) e orientación académica e profesiona (3º trimestre). O tratamento do tema está adaptado o nivel de desenvolvemento do alumnado dos distintos niveis educativos.

- Organización e deseño de actividades para a titoría.

- **Coordinación da acción titorial a través de reunións e da atención ás demandas que poidan xurdir por parte dos titores e titoras.**

- Asesoramento do alumnado tanto individual como grupalmente e no relativo á elección de optativas, itinerarios,..., así como no relativo á orientación profesional dos rapaces e rapazas.

- Colaboración na coordinación das avaliacións do alumnado.

- Asesoramento técnico ós titores e titoras das distintas etapas que se imparten no Centro.

- Organización das xornadas de acollida e información ós pais e nais.

- Orientación ós pais e nais tanto individual como grupalmente e sobre aspectos como o desenvolvemento psicolóxico dos rapaces e rapazas, a organización do Sistema educativo, a evolución do rendemento académico, e todos aqueles aspectos que poidan ser do seu interese.

- Posta en marcha de programas de prevención das dificultades de aprendizaxe, de desenvolvemento de habilidades de vida, prevención da drogadicción, etc.

- Desenvolvemento de programas que fagan fincapé na adquisición de estratexias de aprendizaxe e hábitos de estudo.

- Desenvolvemento de programas dirixidos á mellora da convivencia no Centro, especialmente entre o alumnado de 1º ciclo.
- Traballo sobre os temas transversais de xeito coordinado cos diferentes Departamentos interesados en colaborar.
- Aqueloutras estratexias que se vaian precisando en resposta ás necesidades xurdidas ó longo do desenvolvemento do plan.
- Para o curso actual continuarán realizándose reunións trimestrais cos pais, ditas reunións se realizarán por niveis e terán como finalidade facilitar a relación familia escola e o intercambio de información entre eles.
- Neste curso se pretende consolidar a escola de pais e nais que iniciouse con bastante éxito o curso anterior.
- Posta en marcha do plan de habilidades sociais para os alumnos que presentan conductas disruptivas na aula coa finalidade de axudarlles a integrarse no grupo.

2.2.II. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

- Modificación do Plan e aprobación por parte do Claustro na medida do posible.
- Organización e desenvolvemento de actividades de orientación profesional en tódolos cursos e etapas que se imparten no Centro e centro Adscrito.
- Asesoramento neste campo ó profesorado , familias e Centro.
- Posta en marcha de programas de orientación profesional .
- Asesoramento individualizado ós alumnos e alumnas.
- Organización de xornadas de orientación ó emprego e orientación académica no Centro.

- Visita a centros educativos de FP, Bacharelato e Cualificación Profesional Inicial.
- Intercambio de experiencias e de materiais así como elaboración conxunta dos mesmos en colaboración co Departamento de Orientación do I.E.S. Monte da Vila así como dos Departamentos de Orientación doutros I.E.S. da zona.
- Aqueloutras que vaian xurdindo en función das necesidades.

2.2.III. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE :

- Realización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado tanto do propio Centro como do Centro adscrito.
- Organización dos apoios ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- Colaboración e asesoramento no relativo ós reforzos educativos e adaptacións curriculares así como no seguimento das mesmas e dun xeito especial no desenvolvemento do Programa de Diversificación Curricular.
- Asesoramento técnico no relativo á atención á diversidade do alumnado.
- Desenvolvemento de programas de prevención , desenvolvemento e intervención en resposta a tódas aquelas necesidades que vaian xurdindo.
- Colaboración e posta en común co Departamento de Orientación do I.E.S. Monte da Vila, co do CEIP “ As Bizocas” e do CEIP “Valle Inclán”, das accións que se desenvolven no ámbito da atención á diversidade.

- Asesoramento e atención ás familias en todo aquilo que afecte ó rendemento académico dos seus fillos e fillas e en todo aquilo que pioda respostar ás súas demandas.
- Aqueloutras necesarias para respostar ás necesidades que poidan xurdir.

3-.ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN NOS CENTROS ADSCRITOS:

No presente curso 2021-2022, imos continuar coas reunións mensuais cos orientadores dos dous centros adscritos, CEIPS Valle Inclán e Bizocas coa finalidade de seguir traballando os seguintes puntos:

- Detección e atención ás necesidades educativas do alumnado e problemas de convivencia.
- Liñas de actuación comúns no deseño e desenrolo do Plano de Orientación.
- Preparación das reunións cos servizos sociais do Concello.
- Avaliación do alumnado de 6º curso de primaria e recollida de información cara a mellorar a atención en 1º da ESO e dar a resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades.
- Xornada de acollida para o alumnado de 6º de primaria.
- Charla informativa da orientadora do IES para os pais do alumnado de 6º de primaria.
- Aquelas outra cuestións que xurdan ó longo de curso.

En O Grove a 18 de setembro de 2022

A Xefa do Departamento de Orientación.

Asdo.: M^a Matilde Molina Ferragut.

